

VALORES DE VT

Vt ten dous valores:

1. VALOR ADVERBIAL

É un adverbio modal que ten dous valores fundamentais:

1.1. Interrogativo “Como?”

Vt vales? = Como che vai?

1.2. Exclamativo “Como!”, “De que maneira!”

Vt errat! = Como se equivoca!

2. VALOR DE CONXUNCIÓN SUBORDINANTE

2.1. Con Indicativo:

2.1.1. Valor de relativo modal “como”

Vt respondisti? Respondi ut debui “Como respondiches? Respondín como debín”

2.1.2 Valor comparativo-modal “como”, “segundo”

Haec Crassus fecit, ut supra diximus “Craso fixo esas cousas, como dixemos antes (lit: arriba)”

Vt sementem feceris, ita metes “Segundo sementes, así colleitarás”

2.1.3. Valor temporal “cando”

Vt Octavius venit, omnes oppidani se eo dediderunt. “Cando chegou Octavio, todos os sitiados rendíronselle”.

2.2. Con Subxuntivo:

Oraciónes subordinadas de <i>ut</i> con subxuntivo	
Sen correlativos	
Completivas ('que...')	Finais ('para que...')
Con correlativos	
Consecutivas ('de xeito que...', 'que...')	Concesivas ('aínda que, malia que...')

2.2.1. Vt Completivo:

En xeral, a subordinada desempeñará esta función fronte á función final cando na oración principal estea sen cubrir algunha función nominal que lle sexa propia (S, CD, etc.). Normalmente, a subordinada pode ser substituída por *haec, hoc, id* etc.

Faciant consules

ut res publica salva sit.

CD (Or. Sub. Completiva)

'Procuren os cónsules que a patria se salve'.

2.2.2. Vt Final:

En xeral, a oración subordinada desempeñará esta función fronte á función completiva cando na oración principal estean cubertas as funcións primarias do nome (S, CD etc.)/ etc.).

Caesar legatos misit

ut haec Sequanis nuntiarent.

(Or. Sub. Final)

"César enviou legados para que anunciasen estas cousas aos secuanos"

2.2.3. Vt Consecutivo:

É típico que leve na principal adverbios correlativos como *ita, sic, adeo, tam, etc.*

Piratae maria infestabant ita

ut Romanis sola navigatio tuta non esset.

(Or. Sub. Consecutiva)

"Os piratas infestaban os mares de tal xeito que para os romanos a mera navegación non era segura"

2.2.4. Vt concesivo

Este valor de *ut* é pouco frecuente. Cando ten este valor, a oración principal adoita levar a partícula *tamen*.

Vt efficias quod tibi iussum est,

tamen capitis¹ condemnaberis.

(Or. Sub. Concesiva)

“Aínda que consigas o que se te ordenou, con todo, pagarás coa túa cabeza/serás condenado a morte”

VALORES DO *NE*

Aínda que a distinción entre “non” e “ne” se pode facer farragosa e complicar (“non” como negación do factual, “ne” como negación impresiva, etc.), quedémonos con que, nesta lección, o *ne* supón o substituto negativo de varias funcións de *vt*: mesma función, valor negativo. É dicir: *ne* é unha conxunción, **non** o adverbio *non*.

1.1. ADVERBIO NEGATIVO:

“*Ne feceris*” “Non o fagas”

1.2. CONXUNCIÓN SUBORDINANTE EQUIVALENTE A *UT*:

1.2.1. Ne completivo “que non”

Moneo

ne faciatis

(Or. Sub. Completiva)

“Aconsello que non o fagades”

1.2.2. Ne final “para que non”

Galli Senones,

accepto auro

ne Capitolium obsiderent,

recesserunt.

(Or. Sub. Final)

1 *Capitis* é un xenitivo réxime do verbo *condemno*. O concepto da “pena capital” vén de aquí.

Exercicios

1. *Lex, ut supra diximus, iubebat ut testes audirentur.*

2. *Sic inter eos divisa est res publica, ut Augustus Hispanias, Gallias et Italiam teneret, Antonius Asiam, Pontum et*

Orientem.

3. *Ipse fugatus Alexandriam petiit, ut a rege Aegypti, cui tutor a senatu datus fuerat, acciperet auxilia.*

4. *Ita vicit, ut magnam partem Armeniorum deleverit.*

5. *Latini a Romanis petebant ut unus consul ex eorum crearetur.*

6. *Messala, ut erat imperatum, Vticam pervenit.*

7. *Romani Carthaginem miserunt, ut mandaretur Hannibali, ne bellum contra socios populi Romani gereret.*

8. *In mari Rubro classem instituit, ut per eam Indiae fines vastaret.*

9. *Romani tamen cum rege pacem fecerunt his condicionibus: ut se et suos senatui et populo Romano dederet.*

10. *Eo tempore rex Macedoniae Philippus ad eum legatos misit, promittens auxilia contra Romanos sub hac condicione,*

ut deletis Romanis ipse contra Graecos ab Hannibale auxilia acciperet.

11. *Missus est contra eum consul P. Valerius Laevinus, qui cum exploratores Pyrrhi cepisset, iussit eos per castra*

duci, ostendi omnem exercitumque tum dimitti ut traderent Pyrrho quae a Romanis agebantur.

12. *Pugnatum est ut pugnari debuit.*

13. *Pastor primo fuit, mox latronum dux, postremo tantos ad bellum populos concitavit, ut adsertor contra Romanos*

Hispaniae putaretur. (Eutropius, 4, 16)

14. *Dum haec geruntur, piratae omnia maria infestabant ita, ut Romanis toto orbe victoribus sola navigatio tuta non*

esset (Eutropius, 6, 12)

15. *Primis tamen annis moderatus in imperio fuit, mox ad ingentia vitia progressus libidinis, iracundiae, crudelitatis,*

avaritiae tantum in se odii concitavit, ut merita et patris et fratris aboleret. (Eutropius, 7, 23)

16. *Rem publicam ita administravit, ut omnibus principibus merito praeferatur.* (Eutropius, 8, 2)

17. *Causam dixit Iuppiter: «Honorem fructu ne videamur vendere».* (Phaedrus, 3, 17)

18. *Fame coacta vulpes alta in vinea uvam appetebat summis saliens viribus; quam tangere ut non potuit, discedens ait.*

(Phaedrus, 4, 3)

19. *Gelu rigentem quidam colubram sustulit sinuque fovit contra se ipse misericors; namque ut refecta est, necuit*

hominem protinus. (Phaedrus, 4, 20)

20. *Hanc alia cum rogaret causam facinoris, respondit: «Ne quis discat prodesse improbis».* (Phaedrus, 4, 20)

21. *«Superum voluntas favit; sed fato invido carbonem, ut aiunt, pro thesauro invenimus».* (Phaedrus, 5, 6)